

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE MARZO DE 2014


Acórdase por asentimento:

- (i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade do día 13 de febreiro de 2014.
- (ii) Situar o taboleiro oficial de anuncios da Facultade de Dereito á dereita da porta de acceso ao despacho actual da secretaría do Decanato da Facultade, para a publicación dos acordos e resolucións adoptados polos órganos colexiados do centro que deban ser debidamente publicados, co fin de que poidan ser coñecidos por unha pluralidade indeterminada de persoas e, no seu caso, impugnados polos que poidan ter a condición de terceiros interesados nos mesmos.

Acórdase por maioría -9 votos a favor e 4 abstencións-:

- (i) Aprobar, á marxe do recoñecemento automático que en cada caso corresponda, os seguintes criterios de reparto dos recoñecementos docentes para o curso académico 2014-2015 para a bolsa de 71,54 horas asignada, tras a aprobación da PDA, á Facultade de Dereito:
 - a. Tribunais de Traballos de Fin de Grao8.7 horas
 - b. Intercambio de estudantes.....13.75 horas
 - c. Coordinación prácticas externas curriculares e extracurriculares....21.25 horas
 - d. Calidade.....27.84 horas

Ourense, 12 de marzo de 2014



Marta Fernández Prieto

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 11 de marzo de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 14 de marzo de 2014.

A SECRETARIA

Marta Fernández Prieto